

II CONCURSO

ANAGRAMA DA EOI DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

BASES:

1. Poderá participar calquera membro da comunidade educativa (alumnado, persoal non docente, profesorado) da Escola Oficial de Idiomas de Santiago de Compostela, agás os membros do xurado.
2. O formato dos traballos presentados será o seguinte:
Formato en papel DIN A-4 máximo, así como presentación do mesmo traballo en soporte CD cun formato profesional que permita a súa utilización pola EOI en futuras aplicacións.
3. Valorarase, sobre todo, que sexa claro e vistoso, e que o formato sexa distintivo da EOI de Santiago, para o cal poderase recorrer tanto a palabras como a figuras e símbolos que parezan axeitados.
4. O anagrama deberá ser orixinal e non ter sido premiado en ningún outro concurso. A proposta que resulte premiada pasará a ser o anagrama oficial da EOI.
5. O autor do traballo premiado cederá a totalidade de cantos dereitos de reprodución e imaxe puideran corresponderlle, de todo tipo.
6. Cada participante poderá entregar como máximo tres propostas .
7. A data límite de entrega será o LUNS 8 de xaneiro de 2007.
8. Os traballos presentaranse na conserxaría da EOI nun sobre pechado, asinados cun pseudónimo. Dentro dese sobre incluírase outro sobre pechado onde constarán os datos persoais do autor ou autora.
9. O xurado estará composto por un membro do equipo directivo, un profesor de cada departamento, un representante do alumnado e outro do persoal non docente.
10. Outorgarase un único premio de 350 euros.
11. O premio poderá quedar DESERTO.
12. A resolución do xurado será publicada o día 15 de xaneiro de 2007.